

AS AGULLAS DO RELOXO

-Que che teño dito, Uxío... Que che temos dito eu e todos os monitores do centro- berraba desesperado Héctor.

As agullas do reloxo pasaban máis lento do habitual aquela tarde do dezasete de xullo de dous mil trece.

-Que si, que moi ben- Uxío estaba desexoso de marchar de alí.

-Oes, como te volvamos pillar con esta merda, mandámoste directamente ó cárcere. Creo que non fai falla que che recorde que en dous meses cumpres os dezaioito anos.

O rapaz marcha apresuradamente, desexoso de ir ó seu cuarto para poder rematar de fumar ese porro. Xa estaba canso de ver sempre ós mesmos compañeiros, se é que se lles podía chamar así; porque máis ben eran delatores, chivatos que se vendían por un puñado de soños rotos, mentiras de cartón que ninguén cría, as mesmas catro paredes frías...

Mónica e Daniela pasaron ó seu carón. El fíxolles o mesmo simpático xesto de sempre, pero elas xa non reaccionaban. Estaban acostumadas ó seu bo humor matutino, aínda que, pensándoo ben, a Daniela non se lle entendería nada ao xesticular. O seu único ollo, froito dunha paliza propinada polo seu propio pai hai uns anos, impedíalle ser moi expresiva. Por non falar do resto da súa faciana, completamente queimada e chea de marcas. Nunca tivo moita sorte. Aínda que alí, a sorte non era máis que un conto chinés.

Nese momento abriuse o cancelo que permitía o acceso ao centro. Os rapaces soubérono polo estrondoso ruído que fixo a pechadura ao se abrir. Tería, como mínimo, cincuenta anos. Mónica foi das primeiras en notalo, e non dubidou en avisar á súa amiga da alma.

-Ei, Dani. Escoitaches iso?

-O cancelo, dis? Home, como para non. A ver a quen nos meten agora.

-Non está de máis que veña xente nova, que a estes xa os temos moi vistos, non si? Eu alédome.

Non lle deu tempo a Daniela a abrir a boca, posto que xa estaba ante elas a rapaza nova. Era de complexión mediana, medía aproximadamente 1.65 metros, e tiña unha cara bastante ben feitiña. Non era loira, pero case. Os seus ollos verdes marcaban un rostro dominante, pero moi doce á vez, e a súa boca, pola contra, daba aspecto de rapaza indefensa, temerosa. Estaba claro que agochaba algo. A súa presenza era un misterio.

-Benvida, Rebeca. Ven, acompañareite ao teu cuarto e presentareiche ás túas novas compañeiras- dixo Héctor, esmerándose en crear unha boa imaxe do centro, pero o seu sorriso delataba que algo non ía ben.

Mónica e Daniela decidiron seguilos, silandeiras.

-Dani, van en dirección ó noso cuarto- comentou, atemorizada, Mónica.

-Si, pois xa verás que grazaxa lle fai a Samuel ver que temos unha nova inquilina na *suite*- replicou, irónica, Daniela.

Efectivamente, Héctor e Rebeca dirixíronse á estancia das xemelgas, como as adoitaban chamar no centro.

-A partir de agora ti durmirás e farás a túa vida aquí o tempo que che toque. Durmirás naquela liteira, a de abaixo. Agora chamo ós teus compañeiros para que vos vaiades coñecendo- indicou o director do centro.

-Creo que non fai falla, Héctor. Míraas, se están aí agochadas. Son esas, non? A da cara partida e a cara cabalo, esa de alí- riu a nova interna.

-Oes bonita, un pouco máis de educación se non queres quedar sen dentes o primeiro día- impúxose Mónica.

-Ui, que medo! Pero se o cabalo sabe falar. E que mais sabes facer, bonitiña?

Mónica achegouse a ela furiosa, con intención de arrincarlle os pelos de raíz, pero Daniela chegou a tempo para separalas. Tras conseguir calmalas e estabilizar a situación, decidiron sentar no pequeno sofá que había ao lado da fiestra a presentarse.

-Eu son Daniela, pero podes chamarme Dani. E esta, a que case che parte a cara, é Mónica, ou, como ti a chamas, a cara cabalo.

-Perdón, de verdade. Síntome ridícula despois de ter protagonizado un acto tan lamentable. Pero é que teño que saír de aquí xa. Porque eu, eu...- Rebeca comezou a poñerse moi nerviosa, e foi vítima dun agonizante ataque de ansiedade.

-Calma, calma. Cántanos por que estás aquí- replicou Mónica.

-Estou aquí por unha inxustiza. Coma todos, supoño. Deixei-me levar polas malas compañas, empecei a despreocuparme de todo, a non ter en conta nada nin a ninguén, a pasalo ben, a seguir as bromas dos demais... E agora estou acusada do suicidio dunha compañeira de clase de dezaseis anos. Dezaseis putos anos, foder! Tiña toda a vida por diante e eu encargueime de destruíla.

Nese mesmo intre Rebeca, sobrepasada polas bágoas, escoitou unha voz familiar. Cando pensou que nada podería ir peor, veu como o irmán da vítima, a rapaza á que ela e a súa "amiga" se encargaron de arrebatarlle a vida entrou pola porta.

Quedou totalmente en shock.

-Que pasa? Preguntou Mónica, alarmada.

Mais non lle deu tempo a dicir nada. As mans de Samuel, o Madrileño, como lle adoitaban chamar, estaban xa á altura da gorxa da protagonista.

-Mátote, mátote...! Non sei que cona fas neste centro pero xúroche que non saes viva de aquí- gritaba Samuel, preso da ira.

-Para, para! Sóltaa xa!- Berraban as outras dúas rapazas.

Tales foron os berros que todos os monitores que vixiaban no corredor entraron no cuarto, alarmados polo escándalo. Entre eles encontrábase Héctor, que foi separalos.

-Basta xa! Samuel, marcha inmediatamente de aquí. Vamos!- berroulle o director do centro

Aínda que, ao escoitar esas palabras, Rebeca sentiuse aliviada, decatouse de que tiña que fuxir de alí canto antes. E mais ao decatarse da ollada asasinosa que lle propiciou Samuel ao saír do seu cuarto.

A rapaza tardou un pouco en recobrar a cordura. Tombouse na cama, e tras media hora tentando durmir sen éxito decidiu ler, para distraerse, para evadirse do mudo. Tamén sen éxito. Probou agora a sentar fronte ao espello e maquillarse, pero nada podía facer que se sentira *guapa e divina*, polo que rebentou o espello a puñadas mentres choraba. Realmente, as circunstancias eran propias dun escenario de suicidio. Nada, definitivamente iso é ao que estaba condenada nesa gaiola enorme para rapaces: rematar coa súa vida. Ás veces pensaba que esa era a súa condena, ir matándose por dentro, pouco a pouco, ata que decidira matar tamén o seu corpo, mesmo chegou a pensar que era o que merecía por ser unha escura.

Dani e Mónica xa marcharan hai moito e non había ningún monitor facendo garda, polo que pensou que sería o momento idóneo para facer dunha vez o que tantas voltas lle daba na cabeza. Si, estaba decidida a facelo. Rebeca levantouse do chan e colleu, nas súas mans ensanguentadas, un pedazo de cristal. Viuse reflectida nel e só lle entrou máis gaña de chorar polo monstro cheo de barra de labios e máscara de pestanas que estaba a ver.

Rabia, impotencia, vergoña, noxo.

Colocou o cristal no seu pulso e comezou a facer presión nel.

-Toc, toc. Hai alguén?

Merda, era Daniela.

Rebeca tirou de novo ao chan o que tiña nas mans, pero Daniela non era parva e sabía perfectamente o que estaba a suceder alí, pero pensou que non era necesario dicir nada. Ao ver á súa nova amiga coas mans ensanguentadas, tan demacrada e rota por dentro e por fóra, pensou que o mellor sería darlle unha aperta. E así o fixo.

-Tranquila, *Rebe*, tranquila. Estou aquí e voute coidar. Ven, imos á cama descansar un pouco.

Era a primeira vez que lle chamaban Rebe. Esta decatouse de que non lle desagradaba para nada. De feito, gustáballe. Era a primeira vez na súa vida que se sentía querida de verdade.

-Queres contarme o que pasou? Prometo axudarche ou, polo menos, intentalo- sorriu Dani

-Vale. Pero tesme que prometer que non llo vas dicir a ninguén, nin sequera a Héctor.

-Prometido.

-<<Todo comezou o curso pasado. Eu estaba en 4º da ESO na mesma clase cá miña mellor amiga, Sara. En realidade nunca me sentín cómoda de todo con ela, pero estaba sempre ao seu carón porque ela convenceume de que, se non, quedaría soa, posto que non lle caía ben a ninguén e que ela facíame un gran favor pasando tempo comigo.

Fose como fose, todo comezou a torcerse cando chegou a clase unha nena nova. Esta rapaza era moi atractiva e amable, polo que pronto comezou a facerse un oco entre os rapaces de clase e Sara deixou de ser a máis popular e “cotizada” entre as rapazas. Isto enfureceuna dende o primeiro momento, e decidiu pararlle os pés. Ao principio, facía cousas case sen importancia, como falar mal dela con outras persoas, mirala mal en todas as clases... Pero, ao ver que non cambiaba a súa actitude e que eu non me involucrava (comezaba a estar un pouco farta de Sara e, ademais, a min esa nena parecíame moi feitiña e non me fixera nada nunca), empezou a facerlle a vida imposible.

Para conseguir que eu me metera no seu xogo, nun recreo decidiu coller unha barra de labios da súa mochila (eu sabía que era súa porque sempre viña con ese ton nos beizos a clase) e escribir na parede da aula, en grande, “Rebeca zorra”. Por se fora pouco, deixou a barra no seu pupitre. Nese momento eu non razoei e decidín darlle unha labazada e chamarlle *puta* diante de todos para humillala, pese ás súas lamentacións constantes e os seus numerosos intentos de pedirme perdón e explicarme que ela non fora. Pero claro, eu como ía crela? Se a miña amiga da alma, Sara, xa me advertira de que era mala herba, e estaba claro que o labial era seu.

Así que as dúas estábamos convencidas de facer da súa vida un auténtico inferno. Creo que non fai falla contarche que cousas lle fixemos e dixemos. Xa ti ben o podes imaxinar, e, ademais, non é agradable recordar as accións que me levaron a este cárcere para menores. O único que tes que saber é que, o último día de curso, despois de seguila ata a súa casa tras rematar as clases, empezamos a tirarlle pedras ao lombo, con tan mala sorte de que tropezou e caeu ao chan, torcendo así un nocello. Como tiñamos medo de que lle preguntasen que lle pasou no médico, Sara decidiu pegarlle unha paliza e tirala ao río para asegurar o seu silencio. Cando marchamos (eu con bágoas na cara que a miña amiga me mandou secar por semellar ser unha covarde) estaba deitada na herba, coa cara feita un cadro e medio morta. Esa mesma tarde chegounos unha chamada da policía acusándonos do seu suicidio. Resulta ser que, antes de cometer o que nós levabamos incentivando moitos meses, deixou unha nota para seus pais despedíndose e aclarando as causas da súa decisión.

Cando se celebrou o xuízo, eu pensaba que o peor de todo era que Sara se librara de todos os cargos penais, posto que tiña contactos moi poderosos que conseguiron eximila de toda culpabilidade. Agora, doume conta de que o peor non é que ela quedara libre, senón que eu comecei a facer cousas que non quería por medo. Medo a quedarme soa, como ela dicía e, sobre todo, medo a que me ocorrese o mesmo que á nosa pobre compañeira. E por culpa de eses actos, froito da manipulación por parte da que daquela fora a miña amiga, do medo, da ira e da impulsividade, agora estou aquí. Non dubido que o mereza, para nada. Mesmo ás veces se me dá por pensar que merezo acabar baixo terra. Creme, Daniela, que cando che digo que oxalá puidera volver atrás, dígoo en serio. Os remorsos asobállanme a cada momento e

sinto a necesidade de parar todas esas aberracións e disculparme coa pobre nena. Pero agora xa está, xa nada se pode facer. O meu destino está marcado pola morte, se non é a mans do seu irmán será polas miñas propias; e o de Sara... Se che son sincera, non sei que será de Sara. Non sei se ten a humanidade suficiente como para sentirse mal ou arrepentirse de todo o que lle fixemos á rapaza, pero o que si sei é que a súa conciencia quedará camiñando pola beira do mundo toda a vida. E que, algún día, Daniela, a dela e mais a da nena xuntaranse e axustarán o que deban axustar; porque hai cousas que non se poden soterrar, e unha delas é a conciencia>>.

Ermitas